



FICHA RESUMO

PE 403A 2010/30-5

Ano	2011
Entidade	CONFRARIA DE MOAÑA E CÍES ARTESANAIS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE NAVALLA
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA OU SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE

Especies	Navalla (<i>Ensis arcuatus</i>)		
Ámbito do plan	De Rande a petróns de Canabal		
Subzonas de explotación e bancos	GAL 11/04	VI-152 Rande ⁽¹⁾	
		VI-159 A Tella ⁽¹⁾	
		VI-160 Costal Domaio ⁽¹⁾	
GAL 11/02		VI-153 Borna	
B estable		VI-155 Arroas	
GAL 11/04	GAL 11/02	VI-154 Cocho	
B estable			
⁽¹⁾ LIC Enseada de San Simon	GAL 11/04	VI-156 Con	
		VI-157 Tirán Terra	
		VI-158 Tirán Fora	

Participantes no plan de explotación

Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/habilitacións
-	14	15
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	190										
Época y zona probable de extracción : de xaneiro a decembro, cunha veda de dous meses consecutivos entre febreiro e maio.											
Modalidade⁽³⁾ : mergullo en apnea											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura

Especies	Mergullador enrolado e a bordo/día
Navalla	15 kg

Artes ou técnica de extracción | Mergullo en apnea ou subministro de aire dende superficie

Puntos de control	Zona de traballo
Puntos de venda	Lonxas de Meira e Vigo



Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epoas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ámbito do plan: Costal Domaio, A Borna, Arroás, O Cocho, Tirán e Rande (excluíndo a zona que vai desde Rande ata punta Aradoiro).

Calendario: (*) 190 días de xaneiro a decembro, repartidos en 10 meses e cunha veda reprodutiva de dous meses consecutivos entre febreiro e maio. En cada solicitude de apertura deberán indicar unha zona primaria e outra secundaria para a explotación, de xeito que non se repita as xornadas de traballo nas mesmas subzonas e asegurándose así a rotación de bancos.

Cotas máximas de captura: apróbase o incremento do tope a 15 kg/mergullador enrolado e a bordo/día á vista dos datos de asistencia á pesqueira e das CPUE resultantes.

Participantes: No listado presentado por Cíes Artesanais Sociedade Cooperativa Galega obsérvase a seguinte incidencia: A embarcación _____, non está asociada a ningunha confraría

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento de cada banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior, e ademais deben indicar onde estarán situados os puntos de control. No caso de que os datos non fosen remitidos por bancos, o que impide o seguimento axeitado da evolución da explotación, só se autorizará unha zona de traballo.

Actividade de mergullo:



O informe de mergullo emitido en data 12.11.2010 é favorable á execución do plan, sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente, coa seguinte especificación: cadúcalle a tarxeta de recolector en apnea en xaneiro de 2011.

Punto de control: Segundo o plan presentado, se situará na zona de traballo. O control é realizado polo xefe de equipo que cumprimenta unha folla na que se recollen os datos da zona de traballo, embarcación e tempo de inmersión. Ademais, debería anotarse o día, nome de cada unha das embarcacións, número de tripulantes presentes ese día con dereito a cupo e kg brutos extraídos.

Plan de control:

No caso particular do emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos.

Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables.

No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, zona de traballo, hora de comezo e remate da extracción e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo

Xunto coa solicitude de apertura mensual se remitirá:

- a táboa cuberta do punto de control do mes anterior
- un plan de control con indicación dos medios e medidas empregadas para garantir o control do esforzo pesqueiro en cada momento.